

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE MONTERREI PARA O FINANCIAMENTO DA REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 42/2019, do 28 de marzo (DOG núm. 79 do 25 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da consellería, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

2.- Antecedentes

Con data de 11 de febreiro de 2008, o Director xeral de Urbanismo, por delegación da Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, segundo o establecido na Disposición adicional 1ª da Orde do 28 de decembro de 2007, pola que se regula a concesión de subvencións aos concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbanístico, durante o ano 2008. (DOG núm. 8 do 11 de xaneiro de 2008), ditou unha resolución pola que se lle concedeu ao concello de Monterrei unha axuda de cento vinte e nove mil cincocentos catro euros (129.504,00 €), equivalente ao 100% do custo de redacción do plan xeral de ordenación municipal.

O día 19 de febreiro de 2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Monterrei, que se anulou pola sentenza núm. 2577/2016, do 12 de decembro, da Sala 3ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo, e, en consecuencia, o propio plan vese anulado, por considerar que no momento da aprobación non estaba totalmente acreditada a dispoñibilidade xurídica dos recursos hídricos precisos para o abastecemento de auga do Concello.

Dende a publicación da sentenza o urbanismo no concello de Monterrei volta a rexerse pola que foi a última normativa urbanística e vixente: as normas subsidiarias de planeamento do concello, aprobadas o 27 de setembro de 1989. Por este motivo, o novo

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



instrumento de planeamento deberá adaptarse ao disposto na actual Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, na Lei 1/2019, do 21 de abril, de rehabilitación, de rexeneración e renovación urbanas, na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, e no Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.

En consecuencia, é preciso iniciar o procedemento para a aprobación dun plan xeral para o municipio.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Monterrei o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2025.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Monterrei, para a redacción do plan xeral de ordenación municipal.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade as manifestacións do concello no seu escrito do 6 de abril de 2022, en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do plan xeral de ordenación municipal co obxecto de que o municipio de Monterrei dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura (documento asinado dixitalmente) María Encarnación Rivas Díaz, Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal



DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 355
sxurbanismo@xunta.gal
www.xunta.gal

